

PROPOSICIÓN DE LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALIZA

Revisión crítica dende a perspectiva ambiental

Na exposición de motivos apóntase que a norma pretende conseguir o equilibrio entre o respecto ao procedemento e a eficiencia (simplificación e maior axilidade) nos trámites. Isto preténdese conseguir, segundo se di, eliminando duplicidades, colapsando trámites e diminuíndo o tempo de emisión de informes sen suprimir ningún trámite de información pública.

Porén esta simplificación administrativa non oculta o interese case exclusivamente empresarial, ao referirse ao **Informe do Banco Mundial** relativo a facer negocios e implantar empresas, para mellorar a “posición” de España e Galiza neste ránking.

No texto normativo os apartados de interese son os que atinxen á participación pública, prazos, avaliación ambiental e tramitación de determinadas instalacións, dentro dos Títulos III, IV e V, alén das disposicións transitorias e as derogatorias. Cómpre mencionar tamén que no Título II que regulamenta os sistemas de apoio administrativo á implantación de empresas, críase un novo órgano da administración paralela ou “chiringuito”: a oficina “**Doing Business Galicia**” para o acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias.

ANÁLISE DO ARTICULADO

Título III: Simplificación administrativa para a tramitación das iniciativas empresariais

Capítulo I: Medidas xerais de simplificación para todos os procedementos.

Art. 24: Prazo para emitir os informes sectoriais: 3 meses. **Se non se emiten en prazo serán considerados favorábeis**, a menos que a normativa estatal diga o contrario. Se o órgano atopa dificultades para achegar o informe en prazo poderá **encarregar a realización dun estudo** “a medios propios ou entidades sen ánimo de lucro con capacidade para pronunciarse na materia respectiva, ou, en defecto dos anteriores e motivadamente, a outras persoas expertas na materia”. O resultado deste encargo “podrá ser tido en conta”.

Nota: Nos procedementos de avaliación ambiental a norma estatal non permite que os informes sectoriais se consideren favorábeis se non se emiten en prazo.

Sobre o encargo de estudos a entidades sen ánimo de lucro ou persoas expertas, a medida aseméllase ao recollido no artigo 30 para os “suxeitos expertos” nos procedementos ambientais. Mais neste caso refírense a temas máis amplos. A proposta de consultar non é mala, mais sabemos a idea que pode ter o PP das “entidades sen ánimo de lucro”: a Asociación de Empresarios, a Cámara Mineira ou Federación de Caza son este tipo de entidades, alén de persoeiros como Felipe Macías *et. al.*

Art. 25: Axilización. Solicitaranse todos os informes por xunto. Un órgano sectorial que deba emitir varios informes fará un só, a varios efectos.

Art. 26: Se corresponde, o órgano substantivo solicitará os informes ao Estado. De non entregalos en prazo informará á Delegación do Goberno e ao promotor.

Art. 27: Tramitación conxunta de todos os procedementos dunha iniciativa empresarial. Será optativa. Se o promotor se acolle a esta fórmula, presentará conxuntamente o proxecto, o EIA, e a solicitude de U. Pública: todo xunto someterase un único periodo de consulta pública.

Exceptúanse os proxectos enerxéticos (dos que trata en exclusiva o Capítulo III).

Art. 28: Na tramitación “normal” (non conxunta), manteranse os informes sectoriais emitidos ao longo de todo o procedemento.

Nota: Todo o que supoña unha redución de prazos internos, isto é, o tempo que a administración tarda en facer o seu traballo na tramitación dos procedementos, podería ser aceptábel. Porén, para conquistar este obxectivo de maior eficiencia requírense afondar na mellora dos medios, humanos e materiais, cos que conta a administración: máis persoal técnico, maior formación e especialización, con maiores investimentos e orzamentos... Non se poden recurtar prazos e axilizar procedementos a costa das garantías e da calidade que deben ter o traballo da administración pública, porque a súa merma vai en detrimento dos intereses da cidadanía.

Con todo, a realización conxunta ou o colapso de varios trámites nun procedemento administrativo implica tamén unha menor posibilidade de participación pública: se trámites que antes eran secuenciais (proxecto sectorial, estudo de impacto e solicitude de utilidade pública, por exemplo) e agora son simultáneos, os prazos de consulta de dada un deles tamén se condensan, resultando nun menor tempo de resposta por parte da cidadanía.

Capítulo II: Procedementos de avaliación ambiental

Disposicións xerais (Sección 1ª).

Art. 30: Cualificación técnica. Establécese a posibilidade de que o órgano ambiental consulte a “**suxeitos expertos**” (a tal efecto criárase un “banco” ou listaxe de “expertos”, que serán organismos e persoas) sobre os informes a emitir.

Art. 31: Relación AAE-AIA. **Simultaneidade dos procedementos de AAE e AIA** resolvendo sempre antes a AAE que as AIA. Incorporación (motivada) de tramites da AAE á AIA dos proxectos derivados. O promotor pode solicitar tramitar a AAE, a AIA e os proxectos construtivos derivados por xunto. Os informes sectoriais solicitados pronunciaranse sobre todos os aspectos da AAE e a AIA.

Nota: Dun plano e programa sometido ao trámite de AAE (p. ex. Plano Sectorial Eólico) poden derivar varios proxectos sometidos a AIA (os proxectos sectoriais de cada parque). Estes últimos adoitan seren máis precisos por atinxir a áreas ou espazos menos amplos. A simultaneidade de procedementos que establece este artigo semella pensada máis para iniciativas de planificación urbanística (planos parciais, expedientes de delimitación...).

Art. 32: Información pública. Simultaneidade dos trámites de información pública das consultas ambientais cos de autorización por parte do organismo substantivo. 10 días para anunciar a consulta pública dende a recepción da documentación e 10 días para trasladar ao promotor os resultados das consultas.

Faranse novas consultas só no caso de modificacións que supoñan “efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente” ou cando se modifique a DAE.

A información relevante deste periodo porase a disposición das persoas interesadas (art 37.5 da Lei 21/2013 de AIA) **mais non dará lugar a unha nova consulta pública.**

Nota: A norma estatal non recolle esta coda: De feito cando unha parte interesada recibe información nun procedemento adoitase abrir unha dilixencia cun prazo para responder.

Art. 33: Pódese resolver xustificadamente a inaplicación da Lei 21/2013 arquivándose as dilixencias ambientais sen pronunciamento.

Art. 34: Pódese resolver a inviabilidade ambiental en calquera momento do procedemento e archivar as actuacións. Esta resolución é vinculante para o órgano substantivo.

Procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (sección 2ª)

Art. 35: AAE:

-2 meses para facer as consultas previas e o documento de alcance.

-3 meses para analizar a documentación e emitir a DAE (+1 por razóns xustificadas; **-1 se o estudo ambiental está “verificado” por unha “entidade de colaboración”**).

Nota: Ver artigo 41 e disposición transitoria segunda.

-30 días hábiles para consulta pública (igual que a norma estatal lei 21/2013 recentemente modificada polo RDL 36/2020, de 30 de decembro).

-AAE simplificada: 3 meses para todo o procedemento (igual que a norma estatal lei 21/2013 recentemente modificada polo RDL 36/2020, de 30 de decembro).

-Modificación AAE: 30 días para facer alegacións. Resolverase en 2 meses (igual que a norma estatal)

Nota: A respecto desta redución de prazos administrativos, a norma estatal (RDL 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plano de Recuperación, Transformación e Resiliencia) xa o fixo con anterioridade. A lei galega proposta polo PP ou ben copiou da española ou chegou tarde.

-Correccións do PP ás súas propias enmendas:

-Neste artigo 35 engaden unha nova alínea b) ao punto 1, para de facto aumentar a 3 anos o prazo para emitir a DAE dende a notificación a promotor do documento de alcance. O artigo di textualmente “*non resultará de aplicación o prazo de quince meses previsto no artigo 17.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro*”, malia a que este artigo foi modificado polo RDL 36/2020 de 30 de decembro, que reduciu o prazo para presentar polo promotor o EAE a 9 meses).

Nota: O sentido desta enmenda parece ser “recuperar” para a tramitación proxectos que no seu momento ficaron “conxelados” (mesmo da propia administración) ou non presentaron en prazo o EAE (15 meses, reducidos a 9 dende o 1/1/2020) de xeito que entren de novo en xogo.

-Engádense tamén outra nova alínea c) ao punto 1 no senso de aumentar a vixencia da DAE a 4 anos, prorrogábeis por 2 máis. Na norma estatal son 2 anos de vixencia e 2 de prórroga.

-Engádesse unha nova aínea c) ao punto 2 relativo ao procedemento de AAE simplificada: O IAE (informe ambiental estratéxico) terá unha vixencia de 6 anos prorrogábeis por outros 2. Na norma estatal son 4 anos de vixencia e 2 de prórroga.

Procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental (sección 3ª).

Art. 36: AIA

-**Proxectos con declaración responsábel:** A eventual DIA ou IIA realizada segundo o procedemento anterior poderá ser recurrida administrativa e xudicialmente.

Nota: Isto xa oi recolle a disposición adicional primeira (número 4) da Lei 21/2013. Acontece que cando non é precisa emitir unha autorización por parte do órgano substantivo, e abonda cunha declaración responsábel ou comunicación previa do promotor, a resolución do órgano ambiental fai as veces de “autorización” e, portanto, considérase recurribel.

Art. 37: Informes preceitivos: Pídeos o órgano substantivo e emite logo informe técnico que achega ao órgano ambiental.

Art. 38: Prazos:

-2 meses para consultas previas e emisión de documento de alcance (igual que a norma estatal lei 21/2013 recentemente modificada polo RDL 36/2020, de 30 de decembro).

-20 días para exposición pública e consultas (igual que a norma estatal lei 21/2013 recentemente modificada polo RDL 36/2020, de 30 de decembro.)

-6 meses para a elaboración do EIA logo de recibir o promotor o documento de alcance. Prorrogábel por un máimo de 12 meses a solicitude do promotor.

-30 días para exposición pública do EIA. Igual que a norma estatal lei 21/2013 recentemente modificada polo RDL 36/2020, de 30 de decembro.

-3 meses para a formulación da DIA. (+1 por razóns xustificadas; **-1 se o estudo ambiental está “verificado” por unha “entidade de colaboración”**).

Nota: Ver artigo 41 e disposición transitoria segunda.

-AIA simplificada:

-20 días para consultas ás administracións e persoas interesadas (igual que a norma estatal lei 21/2013 recentemente modificada polo RDL 36/2020, de 30 de decembro).

-3 meses para formular IIA (igual que a norma estatal lei 21/2013 recentemente modificada polo RDL 36/2020, de 30 de decembro).

Avaliación de impacto ambiental simplificada dos proxectos afecten a espazos da RN 2000 (sección 4ª).

Art. 39: Informe previo sobre a afección a estes espazos. 2 meses para emitilo. Se non se emite considérase que o proxecto afecta á RN2000 e segue o procedemento. Cando o informe constata afeccións, o EIA debe recoller un apartado específico sobre estas. Se non constata afeccións, non procede continuar coa AIA incluíndose no informe as medida preventivas.

Art. 40: Ao haber afeccións á RN2000 Patrimonio Natural debe informar (30 días) sobre o carácter destas: non apreciábeis sen medidas correctoras; non apreciábeis con medidas

preventivas, correctoras ou compensatorias; ou apreciábeis, con indicación de someterse a AIA ordinaria ou ser inviábel.

Entidades de colaboración ambiental (sección 5ª).

Art. 41: Entidades de colaboración ambiental. Persoalidade xurídica e capacidade técnica conforme se dispoña regulamentariamente.

- Verifican a conformidade normativa dos proxectos sometidos a avaliación ambiental.
- Colaboran na análise da doc. técnica e nas fases de información pública e consultas.
- Colaboran no seguemento dos pronunciamentos ambientais (DAE, DIA, IIA)
- Colaboran na inspección ambiental.
- Non substitúen as potestades das administracións públicas.

Nota: Semella que para a axilización dos trámites en troques de reforzar o persoal da administración e dotalo de máis emdios e formación, o PP propón “externalizar” moitos dos trámites de revisión, avaliación, seguemento e inspección. Alén dos custos que isto vai supoñer (externalizar un servizo non adoita ser máis barato nen máis favorábel para os intereses públicos), podería darse o caso que consultoras dependentes das empresas promotoras ou pertencente ao mesmo grupo empresarial revisaran, avliaran e inspeccionaran os seus propios proxectos!!

Capítulo III: procedemento para as instalacións produción, transporte e distribución enerxía eléctrica

Arts. 43 a 49: Proxectos de máis de 250 kW

- Tramitación integrada.
- Resolven as delegacións provinciais, agás os parques eólicos que afecten máis de unha provincia.
- Simultaneidade da exposición pública do proxecto e demais documentos coa solicitude de utilidade pública.
- No caso de AIA simplificada, a administración ten 1 mes para a emisión dos condicionados técnicos. **Se non se reciben, enténdense positivos** e continúa a tramitación.

Nota: Na lei estatal 21/2013, para os casos da AIA simplificada, non hai mención ao sentido positivo dos informes non emitidos. É o órgano ambiental quen debe xulgar se son relevantes ou non para a formulación do EIA. Se non, continúa o procedemento e se o son e non se enviaron ou a información é insuficiente, reclamará ao órgano xerárquico superior a súa emisión.

- A valoración positiva ambiental é requisito indispensábel para autorizar a instalación.
- Resolución polo órgano substantivo en 2 meses.

Art. 50: Exención do trámite de información pública.

- Se non solicita a utilidade pública e non require de AIA ordinaria e nestes casos:
- Instalacións de menos de 30kW.
- Modificacións de instalacións de distribución ou conexión de calquera tensión.**
- Modificacións de instalacións de produción que non supoñan unha variación do 20% na potencia.**
- Autoconsumo.

Nota: En ningún caso debería eximirse do trámite de información pública procedementos que poderían incidir sobre o ambiente, independentemente da súa potencia ou carácter (modificación). Que non se solicite a utilidade pública non significa que non se poidan ver afectados bens públicos. E os titulares de bens privados (as terras, por exemplo) só terían coñecemento dos proxectos que lles afectan através da relación coa empresa promotora do proxecto.

Art. 51: 30 días para emitir os condicionados técnicos nos casos nos que non sexa precisa AIA. **Se non se reciben, consideraranse positivos.**

Nota: Neste caso, malia a tratarse de proxectos non sometidos a AIA, a non emisión de informes tampouco debería considerarse positiva. Chama a atención que malia a permitir a participación de “persoas expertas”, “entidades de colaboración” ou “ECCM”, non se recorra a estas para axilizar nesta ocasión os informes técnicos preceitivos.

Art. 52: Proxectos en tramitación.

-Non haberá novo periodo de información pública por adaptación aos condicionados ou mudanzas tecnolóxicas xustificadas.

-Requeriranse só os informes sectoriais afectados pola modificación.

-Requerirán un novo trámite de información pública se están sometidos a AIA e supoñan efectos ambientais significativos, a xuízo do órgano ambiental.

-Para as modificacións logo de emitida a DIA: Informe do órgano ambiental sobre a validez ou non da declaración e os trámites a realizar.

Nota: Suprímese novamente a participación pública e substitúese polo criterio da administración.

Art. 53: Montes veciñais. Trámite conxunto coa declaración de utilidade pública: 15 días para alegar. Resolve sobre a compatibilidade ou prevalencia o Consello da Xunta. **A non resolución ten efectos desestimatorios.**

Título IV: Medidas urbanísticas. Concellos

Art. 54: Títulos habilitantes urbanísticos

Dáse protagonismo ás “entidades de certificación de conformidade municipal” (capítulo IV do título III da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia).

-Se estas ECCM se pronuncian sobre proxecto **os informes municipais serán facultativos e non preceitivos.**

-Se as ECCM emiten certificación de conformidade nunha comunicación urbanística **habilita inmediatamente a realización do acto do uso do solo e subsolo dende que se presenta o rexistro.**

Nota: A participación das ECCM está recollida na Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Porén, a actuación destas entidades non semella complementar ou axudar ao concello, mais ben o substitúe: substituír un informe municipal preceitivo por facultativo, rebaixa o papel da administración municipal. Un informe preceitivo que non se emite supón un vicio de nulidade no procedemento, mentres que co facultativo non. Nestes casos o concello actuaría apenas como un portelo para tramitar papeis...

Disposicións transitorias

Primeira: Suxeitos expertos. Mentres non se crea o “banco de expertos” (art. 30) poderanse solicitar informes nos procedementos de avaliación ambiental a organismos científicos ou académicos “outros que posúan os coñecementos necesarios”.

Nota: Vale o xa comentado para o artigo 24.

Segunda: Entidades de colaboración. Mentres non se desenvolva o marco xurídico (art. 41), consideraranse “entidades de colaboración” a aquelas acreditadas segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17020 por ENAC.

Nota: Vale o xa comentado para o artigo 41. Confírmase o protagonismo que acadan as consultoras e as entidades de certificación, moitas veces dependentes dos grandes grupos empresariais que promoven proxectos através das súas filiais.

Terceira: Continuación dos procedementos enerxéticos. Os proxectos e modificacións substanciais iniciados continuarán a súa tramitación segundo o Capítulo III (instalacións eléctricas) desta norma.

Disposicións derogatorias

Única:

1. Derróganse os artigos 37 e 38 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia (coñecida como lei de “Depredación”).

Nota: Estes artigos referíanse aos procedementos de autorización de instalación de enerxía eléctrica, excepto os eólicos. Na “Lei de Depredación” (art. 37) se os informes dos organismos consultados non chegaban no prazo dun mes, continuaban os trámites “agás que se tratara de informes preceptivos e se decida a suspensión durante o prazo máximo previsto pola lexislación do procedemento administrativo común”. Agora aplícase o recollido no art. 47 da presente norma: enténdese conformidade.

Tamén a respecto da exención do trámite de información pública (art. 38 da “Lei de Depredación, que se pretende derogar), o limiar de modificación da potencia para non ir a información pública era do 10%, salvo para os eólicos, e agora será do 20% sen excepcións. Neste art. 38 establecíase outro limiar para as instalacións de autoconsumo 100KW (de máis potencia non precisarían información pública), o cal non tiña senso algún, como xa denunciámos no seu momento. A presente norma elimina este límite de potencia.

Disposicións derradeiras

Cuarta: Modificación da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural (nº 3 do art. 34) no senso de non resultar preceptivo o informe da consellaría competente para os proxectos que afecten ao solo rústico se este non é de protección patrimonial e non afecta a ningún ben declarado ou catalogado.

Nota: A cuestión é quen verifica e declara que non existe afección cando non se require informe algún a Patrimonio. A empresa promotora?

Sexta: Modificación da Lei 8/2009 eólica. Principais cuestións:

-Número 4 do art. 6: Permite facer parques fóra das áreas delimitadas polo Plano Sectorial Eólico (antes só podían ser repotenciamentos) e agora modificacións substanciais e “proxectos cunha clara incidencia territorial”.

Nota: Con esta modificación a Xunta dinamita a planificación eólica e permite facer parques eólicos a discreción do Consello da Xunta en calquera lugar que non estean expresamente prohibidos.

-Número 8 do art. 33: Permite continuar coa tramitación se non se reciben en prazo (1 mes) os informes sectoriais. Na norma modificada exclúíanse os informes do órgano ambiental e de ordenamento do territorio.

-Novo apartado 4 do art. 40 relativo ao proxecto sectorial: Exime de presentar proxecto sectorial a proxectos eólicos e infraestruturas de evacuación en concellos “onde a natureza do uso do solo sexa compatíbel con este tipo de infraestruturas”, previa acreditación do concello.

Nota: Non está claro o obxecto desta mudanza. Podería referirse aos desenvolvementos eólicos en chan industrial para os que non sería preciso proxecto sectorial ...?

-Nova disposición adicional (a 4ª) para aplicar os artigos 50, 51 e 52 da Lei de simplificación administrativa á tramitación dos eólicos.

-O art. 50: refírese á exención do trámite de información pública de proxectos se non solicitan a utilidade pública e non requiren de AIA ordinaria e son modificacións de instalacións de produción que non supoñan unha variación do 20% na potencia.

-O art. 51 refírese aos prazos para emitir condicionados técnicos (30 días) dos proxectos non sometidos a avaliación ambiental e so sentido positivo se non se emiten; e o art. 52 ás modificacións dos proxectos en tramitación.

Nota: Esta disposición parece pensada para axilizar os trámites (basicamente eludir o trámite ambiental e a exposición pública) das modificacións de parques eólicos xa aprobados. Semella feita á mantenta para evitar situacións como as acontecidas dco PE do Iribio.